



camiño  
escena  
norte

camín  
escena  
norte

camino  
escena  
norte

ipar  
eszena  
bidea

## Santiago acolle este domingo a primeira función do Camiño Escena Norte

**Gorpuztu, da Compañía Eva Guerrero de Euskadi, será o espectáculo de danza contemporánea que inaugure o 'Itinerario Constelacións'; a cita será no Salón Teatro compostelán ás 20.30 horas e a entrada será libre**

**O proxecto de intercambio cultural, que conta co apoio da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, pasará por Ames, Arzúa, Carballo, Lugo, Melide, Mondoñedo, Portomarín, Ribadeo, Vimianzo e Viveiro antes de regresar, o 22 de outubro, a Compostela**

Santiago de Compostela, 15 de setembro 2023.- Os vieiros polos que transitan as artes escénicas conflúen, de novo, en Santiago de Compostela. Un ano máis, a capital galega será o punto de partida e de chegada de Camiño Escena Norte, o programa de intercambio cultural a través das artes escénicas que se celebra, desde este domingo 17, e de xeito paralelo, en Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra.

O proxecto cultural, que conta co apoio da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, inicia esta fin de semana a súa andaina cunha **función inaugural que terá lugar, ás 20.30 horas, no Salón Teatro**. A compañía vasca Eva Guerrero presentará *Gorpuztu*, un espectáculo de danza contemporánea con música ao vivo que fala sobre a procura do equilibrio. É unha loita por estar en calma, por silenciar o ruído, por alixeirar a carga e a culpa, por atopar un lugar onde o animal durma tranquilo. Este espectáculo nace dunha investigación sobre o uso do corpo en determinados momentos do rezo en diferentes relixións, pasando por conceptos como culpa, penitencia, transcendencia, amor ou submisión. A proposta, recomendada para público adulto, contará con entrada libre ata completar a capacidade do Salón Teatro.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)





camiño  
escena  
norte

camín  
escena  
norte

camino  
escena  
norte

ipar  
eszena  
bidea

Logo do seu paso por Santiago de Compostela, Camiño Escena Norte visitará outras dez localidades galegas antes de pechar, o 22 de outubro, a súa programación oficial na Cidade da Cultura. **Ames, Arzúa, Carballo, Lugo, Melide, Mondoñedo, Portomarín, Ribadeo, Vimianzo e Viveiro** acollerán novas funcións, nas fins de semana de compañías procedentes de Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra. Á vez, as compañías galegas Caramuxo Teatro, Rebordelos e Xampatito Pato levarán as súas creacións a eses catro territorios que, con Galicia, conforman a rede do CEN.

Camiño Escena Norte tamén pretende favorecer o encontro e a creación de públicos. Por iso, alén do circuío de exhibición, nomeado **Itinerario Constelacións**, conta cunha serie de actividades paralelas que, baixo o nome **Camiño Expandido**, se dirixen a distintos perfís, tanto profesionais como afeccionados. É o caso dos proxectos **Cruzamentos, Habitación Peregrina PRO** (que se celebrará a semana que vén en Lugo), **ESADS en camiño**; ou máis de 30 obradoiros, coloquios e encontros co público, entre outras propostas. Todas elas pódense coñecer no web [www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com).

### Organización e apoios

CEN é unha iniciativa promovida polas asociacións profesionais de produtoras de artes escénicas **Escena Galega** (Galicia), **Escena Asturias** (Asturias), **ACEPAE** (Cantabria), **Eskena** (Euskadi) e **ESNA** (Navarra), que se incorpora este ano. Todas elas únense na supraentidade Camino Escena Norte Agrupación de Interés Económico, creada especificamente para o desenvolvemento, xestión e produción deste proxecto, que toma a ruta histórica dos Camiños de Santiago como referencia para ofrecer unha intensa programación escénica.

CEN conta co apoio económico de gobernos e institucións das cinco comunidades implicadas: Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic); Goberno do Principado de Asturias; Goberno de Cantabria; Goberno Vasco; Deputación Foral de Araba, Deputación Foral de Bizkaia; Deputación Foral de Gipuzkoa; Goberno de Navarra e Goberno de España a través do Instituto Nacional de las Artes Escénicas y la Música (INAEM) e o Ministerio de Cultura e Deporte. Colaboran tamén a Deputación Provincial da Coruña, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)





camión  
escena  
norte

camín  
escena  
norte

camino  
escena  
norte

ipar  
eszena  
bidea

Vegalsa-Eroski mantense como patrocinador oficial do CEN, que conta nesta edición coa colaboración especial da marca lucense Cafés Candelas e da asociación Te Veo de Artes Escénicas para la Infancia y la Juventud.

## Programación CEN Galicia 2023

### 17.09 | Santiago de Compostela: *Gorpuztu*, de Cía. Eva Guerrero (Euskadi).

19.09 - 21.09 | Lugo: Habitación Peregrina Pro.

24.09 | Arzúa: *Luna*, de Luz de Gas Teatro (Asturias).

24.09 | Mondoñedo: *Portamundos*, de Cía. Levelibular (Navarra).

30.09 | Melide: *Lear en las catedrales*, de Ábrego Teatro (Cantabria).

01.10 | Ribadeo: *Lear en las catedrales*, de Ábrego Teatro (Cantabria).

06.10 | Ames: *Baby Esferic*, de Aboon Teatro (Euskadi).

13.10 | Viveiro: *Sexpiertos*, de Tanttaka Teatroat (Euskadi).

14.10 | Carballo (FIOT): *Sexpiertos*, de Tanttaka Teatroat (Euskadi).

14.10 | Vimianzo: *Misery*, de Saltantes Teatro (Asturias).

15.10 | Portomarín: *Malabaracirco*, de Circus Magníficus (Cantabria).

20.10 | Lugo: *La bestia negra*, de Proyecto Piloto (Asturias).

22.10 | Santiago de Compostela: *Fronterizas*, de Mari Paula Dance & Performance (Cantabria).

### Trailer *Gorpuztu*

<https://www.dropbox.com/sc/fi/2b8e3usd0chef6tka3sks/Gorpuztu-de-Eva-Guerrero.mp4?rlkey=xvd65gzne3kc25hvt6i6dljll&dl=0>

### Fotos en alta *Gorpuztu*

[https://www.dropbox.com/sh/dslaxe8bcby2xu8/AADz7\\_mzlliq5Ug6nwSi44lwa?dl=0](https://www.dropbox.com/sh/dslaxe8bcby2xu8/AADz7_mzlliq5Ug6nwSi44lwa?dl=0)

### Para máis información:

#### Prensa CEN Galicia

Lucía Pita | 675 40 43 21 | [Lucia.pita@theofficeco.es](mailto:Lucia.pita@theofficeco.es)

#### Kit de prensa CEN Galicia 2023

<https://www.dropbox.com/sh/1dmvyakxkd344ip/AAAvOHlgnmz-fkORZlpYXfxYa?dl=0>

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)

